

SERVIZO DE ASESORÍA

WhatsApp



Ferramenta para proporcionar atención inmediata e personalizada para a prevención da violencia de xénero.



Contacta connosco no
608 710 978

Mandándonos un Whatsapp ao teléfono de SUPRime o ConTRoL. Daremos resposta as túas consultas e dúbidas, garantíndoche o anonimato e a privacidade dos teus datos de contacto.

www.suprimeocontrol.com





info@suprimeocontrol.com



SUPRime o ConTRoL

PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

2017 - 2018



dálles
a túa vida **un bo uso**
diríxela ti

O PROGRAMA

O programa **SUPRime o ConTRoL** está organizado pola Deputación da Coruña e desenvolverase ao longo dos **cursos escolares 2016-2017 / 2017-2018 / 2018-2019**. Neste curso 2017-2018 o programa impartirase nas **comarcas de Betanzos, A Coruña, Eume e Terra de Melide**, realizando actividades de prevención e sensibilización en 14 centros educativos.

Ofreceráselle ao alumnado de **3º e 4º da ESO, ás súas familias e ao profesorado**, ferramentas coas que traballar pola construción de identidades igualitarias, facendo unha especial crítica á violencia machista na adolescencia e á súa reprodución por medio das aplicacións móbiles, as redes sociais, etc.

OBXECTIVOS

APOIAR a construción de identidades igualitarias, promovendo a adquisición de recursos persoais.
AXUDAR a identificar a violencia machista, especialmente aquela máis sutil, ou case imperceptible.
DESMITIFICAR o amor romántico, establecendo os límites entre o aceptable e non aceptable.
FOMENTAR o pensamento crítico, procurando xerar cambios no comportamento e actitudes.
EDUCAR en valores que faciliten o desenvolvemento persoal libre de estereotipos de xénero.

ACTIVIDADES

INVESTIGACIÓN INICIAL

Deseño dun cuestionario online para recoller información sobre os coñecementos previos e actitudes do alumnado ante a problemática da violencia machista. Os datos obtidos permitirán elaborar unha **“Diagnose da percepción da poboación adolescente sobre a violencia de xénero”**, así como sentar as bases dos contidos para traballar nas aulas.

OBRADOIRO

Realización dun **obradoiro de 3 sesións** para traballar: a construción de identidades igualitarias; fortalecemento da intelixencia emocional e resolución de conflitos; identificación e prevención da violencia de xénero; e desmitificación do amor romántico. Fomentarase unha aprendizaxe cooperativa e participativa, empregando as TICS como ferramenta de aprendizaxe.

CONCURSO

Para dinamizar o programa e incentivar a participación do alumnado e profesorado dos centros educativos, prevese a realización dun **concurso de microrrelatos**. A temática do microrrelato seleccionado polo xurado inspirará o guión dunha curtametraxe, na cal poderá participar o alumnado do propio centro.

ASESORÍA WHATSAPP

Ponse a disposición do alumnado e das súas familias o número de teléfono **608 710 978** do **servizo de asesoría Whatsapp**. A través deste servizo proporcionarase unha resposta inmediata ás consultas e dúbidas recibidas sobre a violencia de xénero ou sobre o propio programa, garantindo a privacidade dos datos de contacto e da información compartida.

ENCONTROS COAS FAMILIAS

Organización de encontros en cada un dos concellos participantes no programa para ofrecer unha visión rigorosa sobre a problemática da violencia de xénero. Achegaranse pautas e ferramentas que permitan abordar as formas da violencia de xénero dende o entorno familiar.